

Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación laboral e familiar

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (EFT) é unha enquisa que se realiza de forma coordinada no ámbito de toda a Unión Europea, de acordo co indicado no regulamento 577/98 do Consello relativo á organización dunha enquisa por mostraxe sobre a poboación activa da Comunidade (diario oficial das Comunidades Europeas L-77, do 14 de marzo).

No caso de España, a EFT está incluída na Enquisa de Poboación Activa (EPA). A EPA axustouse a este regulamento a partir do primeiro trimestre de 1999. Neste regulamento indícase que os segundos trimestres de cada ano débese introducir na EFT unha serie de preguntas sobre temas particulares relacionados co mercado laboral, polo que ata 2005 en España realizábase o módulo ad-hoc nestes trimestres, xunto coa EPA.

En 2005 publicouse o regulamento 430/2005 polo que se abría a posibilidade de proporcionar un conxunto de variables chamadas estruturais, para unha submostra anual representativa do conxunto do ano. Neste caso, a recollida da información correspondente aos módulos debería facerse, xunto coas variables de submostra, durante todo o ano e para unha sexta parte da mostra.

Por iso, en España, a partir de 2006, o cuestionario do módulo pregúntase ao longo de todo o ano, nas sextas entrevistas que é onde se recolle a información das variables da submostra.

En 2018 o tema investigado é o da conciliación laboral e familiar, de acordo co indicado no Regulamento de Implementación 2016/2236 do 12 de decembro de 2016 da Comisión Europea.

Os principais obxectivos deste módulo son:

- Obter información de todas as responsabilidades de coidado das persoas que teñen fillos propios ou da parella menores de 15 anos de idade, ou familiares con discapacidade ou enfermos de 15 e máis anos ou familiares de idade avanzada.
- Estudar o modo en que as persoas participan no mercado laboral, así como determinar as situacións nas que a participación é imposible.
- Analizar a conciliación coa vida familiar segundo o grado de flexibilidade ofrecido no traballo.
- Estimar os permisos solicitados e a frecuencia coa que se solicitan.

Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

As preguntas van dirixidas a todas as persoas entre 18 e 64 anos de idade.

2. Deseño da enquisa

O deseño mostral do módulo sobre a conciliación laboral coincide co da EPA, ao realizarse de forma conxunta, para un sexto da mostra trimestral, ao longo de todo o ano.

A EPA é unha enquisa por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral que abrangue todo o territorio nacional. Está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares principais, é dicir, as vivendas utilizadas todo ou a maior parte do ano como vivenda habitual e permanente. Non interveñen na enquisa nin os fogares colectivos (hospitais, residencias, cuarteis, conventos, ...) nin as vivendas secundarias ou de temporada.

Realízase unha mostraxe bietápica estratificada, onde as seccións censuais son as unidades de primeira etapa e as vivendas familiares as de segunda etapa. Enquísanse a todas as persoas que residen nas vivendas seleccionadas.

A mostra distribúese no espazo seguindo unha afixación de compromiso entre a proporcional e a uniforme. Distribúese á vez uniformemente ao longo das trece semanas que constitúen cada trimestre.

A mostra de seccións está dividida en 6 submostras, chamadas quendas de rotación e cada trimestre substitúense as vivendas dunha quenda de rotación; deste xeito, cada familia é entrevistada durante seis trimestres consecutivos e é substituída por outra familia da mesma sección ao final dos seis trimestres.

O traballo de campo realizouse entre o 8 de xaneiro de 2018 e o 5 de xaneiro de 2019, que corresponde ao período de referencia do 1 de xaneiro de 2018 ao 30 de decembro de 2018.

3. Definicións

Poboación ocupada

Son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.

- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Poboación parada

Considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos, que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á semana de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poder incorporarse á empresa e buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

Poboación inactiva

A poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia.

Distínguense as seguintes categorías funcionais:

- Persoas que se ocupan do seu fogar: persoas que, sen exercerem ningunha actividade económica, dedícanse a coidar sen remuneración os seus propios fogares.
- Estudantes: persoas que, sen exercerem ningunha actividade económica, reciben unha instrución sistemática en calquera grao de educación.
- Xubilados ou retirados: persoas que tiveron unha actividade económica anterior e que pola súa idade ou outras causas a abandonaron e que teñen como medio de vida as pensións obtidas con motivo da súa actividade anterior.
- Persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e prexubilación.
- Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico, etc. (excluídas as axudas familiares).

- Incapacitados para traballar.
- Outra situación: persoas que, sen exercer ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas aquelas que non están incluídas en ningunha das categorías anteriores.

Poboación asalariada

Aquelas persoas que traballan a cambio dun soldo, salario, remuneración, comisión ou calquera outra retribución en metálico ou en especie, para un empresario (persoa física ou xurídica). Segundo o empregador sexa público ou privado pódese falar de asalariados do sector público ou do sector privado.

4. Presentación de resultados

A diferenza do módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar realizado no ano 2010, no módulo de 2018 só se estuda o coidado dos familiares, por estaren directamente relacionados coas responsabilidades dos enquisados. Estes coidados poden obstaculizar en maior ou menor medida a participación do enquisado no mercado laboral, en contraposición co apoio ao coidado de persoas que non son familiares, que se fundamentan en apoios voluntarios cando as circunstancias o permiten.

Ademais, o módulo de 2018 vai dirixido ás persoas de entre 18 e 64 anos. No módulo de 2010 a poboación obxectivo estaba formada pola poboación entre 16 e 64 anos.